

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de xuño de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día once de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(639).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(640).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONCESIÓN DAS AUTORIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE POSTOS DE TEMPORADA NOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9178/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o día 10.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a adxudicación dos servizos de tempada nas praias no ano 2013 (exped 9178-306), no seguinte orde decrecente:

Lote 1 (Quiosco areal de a Guía)

1ª Senén Robles Pérez 100 puntos e un importe de 950 euros

Lote 2 (Quiosco areal de Santa Baia-Alcabre)

1ª Flamingo Vigo, S.L. 100 puntos e un importe de 2.351,86 euros.

Lote 3 (Quiosco areal Tombo do Gato)

1ª Mónica González Francisco 100 puntos e un importe de 5.128 euros

Lote 4 (Quiosco areal Tombo do Gato)

1ª Marta Lorenzo Barrera 100 puntos e un importe de 13.584,52 euros.

Lote 5 (Quiosco areal Argazada)

1ª Obdulia Lastra Francisco 100 puntos e un importe de 12.025 euros

2ª Mónica González Francisco 87,55 puntos e un importe de 10.528 euros

Lote 6 (Quiosco areal Samil)

1ª Marta Lorenzo Barrera 100 puntos e un importe de 24.281,94 euros

2ª Obdulia Lastra Francisco 12,35 puntos e un importe de 3.000 euros

Lote 7 (Quiosco areal Samil)

1ª Flamingo Vigo, S.L. 100 puntos e un importe de 26.226,17 euros

2ª Mónica González Francisco 80,56 puntos e un importe de 21.128 euros

Lote 8 (Quiosco areal Samil)

1ª Mónica González Francisco 100 puntos e un importe de 21.128 euros.

Lote 9 (Quiosco areal de o Vao)

1ª Flamingo Vigo, S.L. 100 puntos e un importe de 25.900,04 euros

2ª Marta Lorenzo Barrera 81,55 puntos e un importe de 24.122,53 euros

Lote 10 (Quiosco areal de o Vao)

1ª Marta Lorenzo Barrera 100 puntos e un importe de 10.792,47 euros

2ª Flamingo Vigo, S.L. 50,9 puntos e un importe de 5.500,36 euros.

Lote 11 (Quiosco areal de a ETEA)

1ª Senén Robles Pérez 100 puntos e un importe de 1.607 euros

Segundo.- Requirir os licitadores clasificados en primer lugar, Senén Robles Pérez, Flamingo Vigo, S.L., Marta Lorenzo Barrera, Mónica González Francisco e Obdulia Lastra Francisco para que presenten, no prazo dos cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir os licitadores clasificados en primeiro lugar o aboamento de 68,19 € por cada un dos lotes en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.